

## ÍNDICE

1.	Presentación da Facultade de Farmacia .....	2
2.	Política de Calidade da Facultade de Farmacia.....	10
3.	Estrutura para o desenvolvemento do SGIC .....	12
4.	Mapa de procesos.....	18
5.	Indicadores.....	21
6.	Evidencias do Sistema de Calidade .....	25

*Aprobado pola Comisión de Calidade do Centro o 21 de outubro de 2014*

*Aprobado pola Xunta de Facultade o 30 de outubro de 2014*

*Aprobado polo Consello de Goberno da USC o 4 de febreiro de 2015*

## 1. PRESENTACIÓN DO CENTRO

### 1.1. OBXECTO

Este capítulo ten por obxecto presentar a Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela (USC) expoñendo aspectos tales como os estudos que se imparten nas súas aulas, situación dentro da USC, estrutura organizativa, persoal académico e de apoio, regulamentos, normas e outros que resulten de interese para os efectos da súa identificación cara a implantación do seu Sistema de Garantía Interno de Calidade (SGIC).

### 1.2. DESENVOLVEMENTO

#### 1.2.1 PRESENTACIÓN (BREVE DESCRICIÓN DO CENTRO, INDICANDO A SÚA ORIXE, FEITOS HISTÓRICOS E TÍTULOS QUE IMPARTE)

Con máis de 150 anos de historia, a Facultade de Farmacia é un dos centros máis activos e con gran proxección de futuro, que se atopa arroupado dentro dunha Universidade, como é a USC, con máis de 500 anos de antigüidade.

Unha Real Cédula, de data 28 de novembro de 1800, establecía que “*nos pobos máis proporcionados para o establecemento de Escolas de Farmacia, Química e Bioloxía, se erixan cátedras destas ciencias*”. Inicialmente, creouse o Colexio de Farmacia de San Fernando en Madrid (1806) e, posteriormente, truncouse a progresión na creación doutros Colexios de Farmacia, entre eles o de Santiago de Compostela, debido á Guerra da Independencia.

Entre os anos 1815-1821 existiu en Santiago de Compostela o denominado Colexio de Farmacia de San Carlos pero non é ata o ano 1857 cando se crea a actual Facultade de Farmacia da USC, sendo a súa sede inicial o emblemático Pazo de Fonseca. Previamente, creáronse en España as Facultades de Farmacia de Madrid, Barcelona e Granada.

A Facultade de Farmacia da USC trasladouse no ano 1971 ás actuais instalacións do Campus Vida e constitúe un dos centros de referencia na área de Ciencias da Saúde no estado español e a nivel internacional. É un centro cunha marcada vocación e proxección internacional.

Nas aulas da Facultade de Farmacia impártense catro titulacións, unha de grao e tres de máster:

- **Grao en Farmacia:** Decreto 150/2010 (DOG nº 184, 23/09/2010), Resolución de 22 de novembro de 2010 (BOE nº 305, 16/12/ 2010) e Resolución de 17 de febreiro de 2011 (BOE nº 53, 03/03/2011)

- **Master en I+D de Medicamentos:** Decreto 434/2009 (DOG nº 243, 15/12/2009), BOE 24/08/2010

- **Master en Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias:** Decreto 434/2009 (DOG nº 243, 15/12/2009), Resolución de 22 de xuño de 2010 (BOE nº 205 24/08/2010), inscrito no RUCT por Resolución de 7 de abril de 2010 (BOE nº 103, 29/04/2010)

- **Máster en Biotecnoloxía:** Decreto 150/2010 (DOG nº 184, 23/09/2010), BOE 28/02/2011

Os profesores con sede no centro de Farmacia, tamén participan na docencia de grao e posgrao que se imparten noutros centros da USC ou en titulacións interuniversitarias.

## 1.2.2 ORGANIGRAMA

O equipo de dirección do centro está constituído polo Decano/a, dous Vicedecanos/as e un Secretario/a. O máximo órgano de goberno colexiado do centro é a Xunta de Facultade.

O Decano/a é o máximo órgano de goberno unipersonal da Facultade e ten as funcións e competencias asignadas na lexislación vixente, na normativa da USC e no Regulamento de Réxime Interno do centro. O Decano/a é elixido entre os membros da Xunta de Facultade e nomeado/cesado polo Reitor/a.

Os Vicedecanos/as e Secretario/a da Facultade son nomeados/cesados polo Reitor/a, a proposta do Decano/a. Os Vicedecanos/as exercerán aquelas funcións encomendadas polo Decano/a e sempre baixo a supervisión do mesmo. En caso de ausencia temporal, o Decano/a delegará nun dos Vicedecanos/as as funcións e competencias que lle son propias.

O Secretario/a da Facultade é quen dá fe dos actos e acordos dos órganos de goberno, representación e administración do centro e, como tal, ten encomendada a custodia dos libros de actas, a expedición das certificacións dos acordos e de todos os actos ou feitos que consten nos documentos oficiais do centro. Ademais, exercerá aquelas outras funcións que

Ile encomende o Decano/a ou que se recollan na lexislación vixente e na normativa da USC.

O título de Grao en Farmacia ten un Coordinador/a de Título, cuxas funcións específicas están asumidas por un dos Vicedecanatos (Vicedecano/a de Organización Académica). Todos os títulos de máster adscritos ao centro teñen un Coordinador/a de Título, nomeado de acordo co contemplado na lexislación vixente e a normativa da USC.

Administrativamente, a Facultade de Farmacia dispón dun/unha Responsable da Unidade de Apoio á Xestión de Centros e Departamentos (Xestor/a de centro) que coordina e supervisa as funcións de todo o Persoal de Administración e Servizos (PAS) do centro, excepto o PAS do Servizo de Biblioteca.

### 1.2.3 ÓRGANOS DE GOBERNO. COMISIÓNS. DEPARTAMENTOS IMPLICADOS NA DOCENCIA

Son órganos de goberno da Facultade o equipo de dirección do centro (véxase o apartado 1.2.2) e a Xunta de Facultade

#### **Xunta de Facultade**

É o órgano colexiado de goberno do centro, ten como misións principais o estudo e aprobación das liñas xerais de actuación na Facultade e a supervisión do labor dos órganos de dirección e da xestión.

#### **Comisión Permanente (CP)**

A Comisión Permanente actúa por delegación da Xunta de Facultade e ten a súa representación permanente para axilizar a xestión dos asuntos da súa competencia.

#### **Comisión de Calidade do Centro (CCC)\***

A composición e funcións da CCC recóllesen no apartado 3.4.2

#### **Comisións de Títulos:**

- a) **Comisión do Título de Grao en Farmacia (CTGF)**
- b) **Comisión do Título de Máster en I+D de Medicamentos**
- c) **Comisión do Título de Máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias**
- d) **Comisión do Título de Máster en Biotecnoloxía**

A composición das distintas comisións dos títulos impartidos na Facultade recóllense no apartado 3.4.4.

#### **Comisión de Mobilidade (CM)\***

A Comisión de Mobilidade do centro está constituída polo Decano/a, Vicedecano/a de Organización Académica, Vicedecano/a de Calidade e RR.EE. (a quen se lle asocia a función de Responsable Académico de Mobilidade –RAM- do centro), Secretario/a do centro e os/as coordinadores/as académicos de mobilidade (CAM), dous representantes dos estudantes e o/a Responsable de Apoio aos Centros e Departamentos (Xestor/a de centro), que actuará como secretario/a da comisión, de acordo co contemplado no Regulamento de Intercambios Interuniversitarios de Estudantes da USC (Resolución de 15 de novembro de 2012, DOG nº 227, 28/10/2012).

#### **Comisión Mixta (CMX)\***

Constituída polo Decano/a (que a convocará e presidirá), Vicedecanos/as, Secretario/a do centro, un Profesor/a Asociado/a de Prácticas Tuteladas, os presidentes/as dos catro Colexios Oficiais de Farmacéuticos (COF) da Comunidade Autónoma Galega e un/unha representante da Consellería de Sanidade / Servizo Galego de Saúde .

#### **Comisión de Economía, Infraestructuras e Servizos (CEIS)\***

Son membros da comisión, o Decano/a ou persoa na que delegue, un profesor/a por cada área de coñecemento con docencia na Facultade, catro alumnos/as de Grao e dous de Máster/Doutoramento, dous membros do persoal de administración e servizos (PAS).

Son competencias da comisión:

- a) Propoñer á Xunta de Facultade a distribución dos fondos e a supervisión da súa xestión
- b) Propoñer á Xunta de Facultade a utilización das infraestruturas
- c) A supervisión do funcionamento dos servizos e o seu equipamento
- d) A avaliación das necesidades e deficiencias que se produzan no ámbito da súa competencia e elevar as oportunas propostas á Xunta de Facultade para a súa resolución.

#### **Comisión de Normalización Lingüística (CNL)\*\***

Forman parte da comisión o Decano/a, dous representantes de PDI, un representante do PAS e un representante dos estudantes.

### **Comité Consultivo da Facultade (CCF)\***

O Comité Consultivo da Facultade, constituído por persoas ou entidades relevantes externas ao centro aconsella ao equipo de dirección e serve de foro para contrastar opinións e información sobre as actividades profesionais, de negocio ou de interese social que afecten ou estean relacionadas coa actividade formativa da Facultade e faciliten o desenvolvemento futuro da mesma así como a súa proxección social.

A participación no Comité Consultivo ten carácter voluntario e non é vinculante, os seus membros non poden ostentar outra condición distinta que a de meros asesores, aportando o seu consello ou opinión no devandito foro.

A composición do Comité Consultivo e a designación dos seus membros realizaranse a proposta do Decano/a e someterase á aprobación da Xunta de Facultade.

Son membros natos do Comité Consultivo:

- Presidente: Decano/a
- Presidente/a de o Consello Económico e Social da USC ou persoa na que delegue
- Responsable de Calidade do Centro
- Secretario/a do centro
- Os Coordinadores/as dos Títulos impartidos no centro

Son membros electos:

- Directivos de empresas farmacéuticas: 4 membros.
- Persoas do ámbito da Administración: 1 membro directivo da Consellería de Sanidade e/ou SERGAS
- Persoas do ámbito científico e universitario alleos ao centro: 1 Xefe de Servizo de Farmacia Hospitalaria e/ou 1 Xefe doutros Servizos Hospitalarios.
- Presidente da Academia de Farmacia de Galicia ou persoa na que delegue.
- Unha persoa que aporte unha visión enriquecedora da avaliación e tendencias do ámbito social tales como: responsabilidade social, protección do medio ambiente, cooperación, etc.
- Os catro presidentes/as dos COF de Galicia ou persoas nas que deleguen
- Antigos alumnos: 1 alumno que finalice a carreira nos últimos 5 anos.
- Membros da comunidade universitaria: Xestor/a de Centro

A participación dos membros electos no Comité Consultivo ten carácter voluntario e non remunerado. O Comité Consultivo reunirase polo menos unha vez ao ano.

A vinculación dos membros do Comité Consultivo establécese por un período de 4 anos, con posibilidade de renovación. A falta de asistencia a catro reunións consecutivas suporá a baixa inmediata no Comité Consultivo.

*\*Comisión/Comité modificada/o respecto da versión íntegra do SGIC da Facultade de Farmacia (aprobado en Xunta de Facultade o 9 de xullo de 2009, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 22 de xullo de 2009, Certificado nº 39/10 da ACSUG de 26 abril de 2010).*

*\*\*Comisión nova, non recollida inicialmente na versión íntegra do SGIC da Facultade de Farmacia (aprobado en Xunta de Facultade o 9 de xullo de 2009, aprobado polo Consello de Goberno da USC o 22 de xullo de 2009, Certificado nº 39/10 da ACSUG de 26 abril de 2010)*

## **Departamentos da USC implicados na docencia que se imparte na Facultade de Farmacia.**

### **a) Grao en Farmacia:**

- 1.- Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses
- 2.- Bioquímica e Bioloxía Molecular
- 3.- Botánica
- 4.- Edafoloxía e Química Agrícola
- 5.- Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
- 6.- Farmacoloxía
- 7.- Fisioloxía
- 8.- Fisioloxía Vexetal
- 9.- Microbioloxía e Parasitoloxía
- 10.- Psiquiatría, Radioloxía e Saúde Pública
- 11.- Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
- 12.- Química Física

- 13.- Química Inorgánica
- 14.- Química Orgánica
- 15.- Xeometría e Topoloxía
- 16.- Profesores Asociados de Prácticas Tuteladas

**b) Máster en I+D de Medicamentos**

- 1.- Farmacia e Tecnoloxía Farmacéutica
- 2.- Farmacoloxía
- 3.- Profesores externos

**c) Máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias**

- 1.- Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
- 2.- Microbioloxía e Parasitoloxía
- 3.- Enxeñería Química
- 4.- Profesores externos

**d) Máster en Biotecnoloxía**

- 1.- Anatomía Patolóxica e Ciencias Forenses
- 2.- Bioquímica e Bioloxía Molecular
- 3.- Ciencias Morfolóxicas
- 4.- Dereito Mercantil e do Traballo
- 5.- Enfermería
- 6.- Fisioloxía
- 7.- Fisioloxía Vexetal
- 8.- Xenética
- 9.- Enxeñería Química



- 10.- Microbioloxía e Parasitoloxía
- 11.- Organización de Empresas e Comercialización
- 12.- Química Analítica, Nutrición e Bromatoloxía
- 13.- Química Orgánica
- 14.- Profesores Externos

## 1.2.4 REGULAMENTOS E NORMAS

---

Os regulamentos e normas do centro son:

- \* Regulamento de Réxime Interno do Centro (RRIC). Aprobado polo Consello de Goberno da USC o 20-12-2004.
- Regulamentos e Normas das Comisións.
- Normativa de Prácticas Tuteladas.

\* Período de adaptación ao EEES

## 1.2.5 DATOS DE IDENTIFICACIÓN

---

<b>RAZÓN SOCIAL</b>	Facultade de Farmacia. Universidade de Santiago de Compostela
<b>DOMICILIO SOCIAL:</b>	Avenida das Ciencias s/n, Campus Vida. 15782-Santiago de Compostela
<b>C. I. F. (DA USC)</b>	Q1518001A
<b>CORREO-E</b>	<a href="mailto:zfardeca@usc.es">zfardeca@usc.es</a> , <a href="mailto:ffvicede@usc.es">ffvicede@usc.es</a>
<b>TELÉFONO</b>	881 814 906 e 881 814 992
<b>TELEFAX</b>	881 815 106

## 2. POLÍTICA DE CALIDADE DO CENTRO

A Facultade de Farmacia desenvolve a súa política de calidade a través do seu **plan estratéxico**, a súa **programación plurianual** e o **plan anual de melloras**, que se elaborarán e aprobarán de acordo co establecido no proceso *PE-01, Política e Obxectivos de Calidade do centro*.

Para evidenciar o compromiso da Dirección coa política de calidade, o equipo de dirección, por medio do Decano/a, subscribe o documento que se achega, o cal será divulgado polos medios de información pública correspondentes.

A Facultade de Farmacia é consciente da importancia que ten a calidade no contexto universitario para garantir programas formativos que dean resposta ás demandas de excelencia no contexto universitario.

Tomando como referencia a política de calidade da USC (enmarcada dentro do seu Plan Estratéxico e o Plan de Calidade) a Facultade de Farmacia elabora a súa política marcando como principal obxectivo da mesma o desenvolvemento de programas formativos que estean avalados por unha xestión de calidade como elemento clave e estratéxico para establecer un compromiso de máxima eficacia cos nosos grupos de interese.

Esta Facultade quere ser recoñecida no contexto universitario e social por desenvolver programas formativos que garantan a mellor e máis adecuada formación para os seus estudantes, que dan resposta ás demandas do mercado laboral, tecnolóxico e investigador, que afiancen as condicións de desenvolvemento profesional adecuadas ao seu persoal docente, investigador e de servizos e que renda contas do investimento e optimización dos seus recursos.

A Facultade dirixe os seus esforzos cara á plena consecución da satisfacción das necesidades e expectativas de todos os seus grupos de interese e co fin de satisfacelos, comprométese a empregar todos os recursos técnicos, económicos e humanos á súa disposición; sempre dentro do estricto cumprimento dos requisitos legais aplicables, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo.

Por todo iso, a Facultade de Farmacia adquire o firme compromiso de garantir a calidade na mesma e establece a súa política baixo estes principios:

- Responsabilidade: proporcionar unha formación dirixida cara á excelencia garantindo unha oferta académica acorde coas necesidades e expectativas dos nosos usuarios e da sociedade en xeral.
- Integración, participación e igualdade: esta Facultade establece como un dos principios claves da súa política que todas as necesidades dos seus grupos de interese sexan atendidas e que todos participen no desenvolvemento da Facultade a través das vías establecidas para iso garantindo a accesibilidade, a participación e a igualdade.
- Orientación ao alumnado: este Centro garante no seu programa formativo a orientación ao estudante entendendo que é o principal receptor do mesmo.
- Excelencia: o traballo desta Facultade realízase tendo como meta a alcanzar a excelencia que marcan os principais modelos de calidade universitaria e as principais Escolas e Facultades recoñecidas.
- Transparencia: Esta Facultade basea a xestión do seu programa formativo na transparencia nos seus resultados e na difusión dos mesmos aos seus grupos de interese.

A Dirección desta Facultade adquire o compromiso permanente coa mellora continua do seu programa formativo, para o que a Decana subscribe este documento de política de calidade, o día 24 de outubro de 2013

A DECANA



Asinado: Isabel Sáñez Macho

### 3. ESTRUTURA PARA O DESENVOLVEMENTO DO SGIC

#### 3.1. OBXECTO

O obxecto deste capítulo é indicar a estrutura que a Facultade de Farmacia estableceu para lograr o desenvolvemento e cumprimento dos obxectivos marcados no seu Sistema de Garantía Interna da Calidade.

#### 3.2. ÁMBITO DE APLICACIÓN

Todas as titulacións que se imparten no centro e todas as persoas (docentes e de apoio) do mesmo.

#### 3.3. DOCUMENTACIÓN DE REFERENCIA

Normativa xeral estatal, autonómica e da USC.

Manual do SGIC e procesos asociados.

#### 3.4. DESENVOLVEMENTO

##### 3.4.1. EQUIPO DE DIRECCIÓN

O Equipo de Dirección (ED) do centro, e en particular o seu Decano/a como principal responsable, actúa como corresponde á Dirección de calquera organización comprometida co desenvolvemento, establecemento, revisión e mellora dun sistema de xestión da calidade.

Respecto ao SGIC, as funcións principais son as seguintes:

- Asinar e difundir a política e obxectivos de calidade do centro.
- Liderar o desenvolvemento, a implantación, revisión e mellora do SGIC do centro.
- Nomear ao Responsable de Calidade do Centro, sempre que o considere oportuno.
- Propoñer á Xunta de Facultade para a súa aprobación a composición da Comisión de Calidade do Centro e, no seu caso, as das Comisións das titulacións de grao.
- Garantir o bo funcionamento do SGIC do centro.

- Informar a todo o persoal do centro do SGIC e dos cambios que nel se realicen.
- Garantir que todo o persoal do centro teña acceso aos documentos do SGIC que lles sexan de aplicación.
- Informar á Xunta de Facultade dos traballos e acordos da Comisión de Calidade.
- Presentar á Xunta de Facultade, para a súa aprobación, a Memoria de Calidade do Centro (Informe de Seguimento do SGIC, Proposta do Plan Anual de Melloras do Centro e Informes de Seguimento dos Títulos)

### 3.4.2. COMISIÓN DE CALIDADE DO CENTRO (CCC)

A Comisión de Calidade do Centro (CCC) é un órgano que participa nas tarefas de planificación, desenvolvemento e seguimento do SGIC do centro, actuando ademais como medio de difusión interna do Sistema e dos seus logros.

#### MEMBROS DA CCC

Presidente/a : Decano/a (membro nato)

Secretario/a da CCC: Secretario/a da Facultade (membro proposto)

Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecano/a de Calidade e RR.EE. (membro nato)

Coordinador/a do Título de Grao en Farmacia: Vicedecano/a de Organización Académica (membro nato)

Coordinador/a do Título de Máster en I+D de Medicamentos (membro nato)

Coordinador/a do Título de Máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias (membro nato)

Coordinador/a do Título de Máster en Biotecnoloxía (membro nato)

1 membro do PAS: Xestor/a de Centro ou persoa que designe o Decano/a (membro nato)

2 alumnos/as (preferiblemente alumno/a-titor/a): Alumnos/as do Grao en Farmacia (1 membro nato, 1 membro proposto)

Outros membros que o Decano/a da Facultade considere oportuno propoñer á Xunta de Facultade para o bo funcionamento do SGIC

A CCC reunirse coa periodicidade marcada na súa planificación, levantará acta de cada unha das sesións e fará públicas as análises e as decisións tomadas no seo da mesma.

As funcións principais da CCC son as seguintes:

- Realizar **o deseño, a implantación, o seguimento e mellora do SGIC** no centro.
- Elaborar a **Memoria de Calidade do Centro** que englobará distintos informes e memorias:
  - Proposta do **Plan Anual de Melloras do Centro** para o curso seguinte que recollerá as Propostas Anuais de Mellora dos Títulos derivadas dos seus Informes de Seguimento.
  - **Informe de Seguimento da Implantación do SGIC** e as súas **Propostas de Mellora do SGIC**.
  - **Informes de Seguimento dos Títulos**.

### 3.4.3. RESPONSABLE DE CALIDADE DO CENTRO (RCC)

---

O Decano/a da Facultade asume persoalmente as funcións relacionadas a continuación ou ben poderá nomear a un/unha Responsable de Calidade do Centro (RCC) entre os membros do equipo de Dirección. Con independencia doutras funcións que se lle asignen no momento do seu nomeamento, as funcións básicas do RCC poden concretarse en:

- Coordinar o funcionamento da CCC.
- Trasladar á CCC e á/s Comisión/s de Título/s a información sobre resultados de aprendizaxe, inserción laboral, satisfacción dos grupos de interese, así como de calquera outra relacionada con resultados que poida afectar á calidade da formación.
- Realizar propostas á CCC para mellorar o SGIC no centro.
- Ser o interlocutor/a coa área de Calidade e mellora dos procedementos do Vicerrectorado con competencias en calidade e planificación.
- Atender as indicacións e requirimentos dados polo Vicerrectorado con competencias en calidade e planificación para implantar os axustes e melloras

do SGIC nos centros aprobados pola Comisión de Calidade Delegada do Consello de Goberno (CCDCG).

- Dirixir a elaboración da Memoria de Calidade do Centro.

#### 3.4.4 COMISIÓN/S DE TÍTULO/S

Cando se considere necesario, para os graos, e en todo caso, para os másteres, a Facultade de Farmacia creará unha Comisión de Título. Formarán parte dela, o Decano/a, o Responsable de Calidade do Centro, o Coordinador/a do Título, así como outros membros que propoñan o Decano/a, no caso de Comisión de Título de Grao, ou o Coordinador/a de Título, no caso de Comisión de Título de Máster.

Na Facultade de Farmacia creáronse as Comisións de Títulos seguintes: Grao en Farmacia, Máster en I+D de Medicamentos, Máster en Innovación en Seguridade e Tecnoloxías Alimentarias, Máster en Biotecnoloxía.

##### **MEMBROS DA COMISIÓN DE TÍTULO DE GRAO EN FARMACIA**

Presidente/a : Decano/a (membro nato)

Secretario/a da CT: Secretario/a da Facultade (membro proposto)

Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecano de Calidade e RR.EE. (membro nato)

Coordinador/a do Título (CT): Vicedecano/a de Organización Académica (membro nato)

Coordinador/a de cada un dos cursos do Título (cinco membros propostos)

Xestor/a de Centro (membro proposto)

Alumno/a do Grao en Farmacia (dous membros propostos)

Outros membros que propoña o Decano/a (grao).

##### **MEMBROS DA COMISIÓN DE TÍTULO DE MASTER EN I+D DE MEDICAMENTOS**

Presidente/a: Decano/a (membro nato)

Secretario/a da CT: Coordinador/a de Título (CT) (membro nato)

Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecano/a de Organización Académica (membro nato)

Oito profesores/as do Título(membros propostos)  
Xestor/a de Centro (membro proposto)  
Outros membros que propoña o Coordinador/a de Título (máster)

**MEMBROS DA COMISIÓN DE TÍTULO DE MASTER EN INNOVACIÓN EN SEGURIDADE E TECNOLOXÍAS ALIMENTARIAS**

Presidente/a :Decano/a (membro nato)  
Secretario/a da CT: Profesor/a do Título (membro proposto)  
Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecano de Calidade e RR.EE. (membro nato)  
Coordinador/a do Título (CT) (membro nato)  
Sete profesores/as do Título (membros propostos)  
Xestor/a de Centro (membro proposto)  
Outros membros que propoña o Coordinador/a de Título (máster)

**MEMBROS DA COMISIÓN DE TÍTULO DE MASTER EN BIOTECNOLOXÍA**

Presidente/a: Decano/a  
Secretario/a da CT: Profesor/a do Título (membro proposto)  
Responsable de Calidade do Centro (RCC): Vicedecano de Calidade e RR.EE. (membro nato)  
Coordinador/a de Título (CT) (membro nato)  
Catro profesores/as do Título (membros propostos)  
Xestor/a de Centro (membro proposto)  
Outros membros que propoña o Coordinador/a de Título (máster)

Entre as súas funcións destacan as seguintes:

- Analizar a información proporcionada polo/a Coordinador/a do Título e o/a RCC para levar a cabo o Seguimento do Título.
- Realizar un Informe dos Resultados do Título e a Proposta do Plan Anual de Mellora (Informe de Seguimento do Título) e, cando sexa necesario, facer a Proposta de Modificación ou Suspensión do Título.



### 3.4.5 COORDINADOR/A DE TÍTULO (CT)

---

Será responsable da Comisión do Título. Entre as súas funcións en relación co SGIC destacan as seguintes:

- Velar para que os procedementos relativos á titulación sexan realizados segundo as directrices establecidas polo SGIC.
- Presentar á Comisión de Calidade do Centro o Informe de Seguimento do Título, informándoa das actuacións da Comisión de Título: Seguimento do Título, valoración da súa eficacia e Proposta do Plan Anual de Mellora.
- Recompilar, xunto co RCC, todos os datos necesarios para que a Comisión de Calidade do Centro/Comisión Título poida realizar as diferentes análises de Seguimento do Título, establecer plans de mellora ou de modificación do Título.
- Velar pola implantación das melloras da titulación aprobadas.

## 4. MAPA DE PROCESOS

O SGIC concrétese en 22 procesos, completados por varios procedementos auxiliares, definidos no SGIC marco da USC (versión revisada de 31 de maio de 2013) <http://www.usc.es/gl/servizos/calidade/sgic/>, sen variacións adoptadas no centro.

O desenvolvemento de cada proceso/procedemento contense no Manual de Procesos do SGIC marco da Universidade así como na aplicación informática (Aplicación de Apoio aos Sistemas de Xestión -AASX-) de soporte ao SGIC do centro <https://aplicacions.usc.es/aasx/web>

Os procesos e, os procedementos máis importantes asociados a eles, son os seguintes:

### DE PLANIFICACIÓN

PE-01 Política e obxectivos de calidade do centro

PE-02 Creación do Comité Consultivo e canalización da súa actuación

### DE DESEÑO E REVISIÓN DA OFERTA

PC-01G Deseño da oferta académica de Graos PC-

01M Deseño da oferta académica de Máster PC-02

Revisión da oferta

PC-03 Supresión dun título

### DE PLANIFICACIÓN DO ENSINO

PC-04 Planificación do ensino

P01-PC-04 Elaboración PDA do centro

P02-PC-04 Elaboración de horarios e calendarios de exames P03-PC-

04 Elaboración e aprobación do POD dos departamentos P04-PC-04

Programación das materias

## **DE ACCIÓN DOCENTE**

PC-05 Captación de estudantes

PC-06 Titoría e orientación ao estudante

PC-07 Coordinación da actividade docente

PC-08 Programas de mobilidade de estudantes PC-

09 Xestión de prácticas externas

PC-10 Realización Traballo Fin de Grao/Máster PC-

11 Avaliación da aprendizaxe

P01-PS-01 Procedemento para a avaliación da actividade docente

## **DE XESTIÓN DE RECURSOS DE APOIO**

PS-01 Xestión dos recursos humanos

PS-02 Xestión dos recursos materiais

PS-03 Xestión dos servizos

PS-04 Control dos documentos e dos rexistros

## **DE MEDICIÓN, ANÁLISE E MELLORA**

PM-01 Medición, análise e mellora

S01-PM-01 Seguimento e acreditación do título

PM-02 Medición da satisfacción dos grupos de interese


P01-PM-02 Procedemento para a medición da satisfacción dos estudantes coa docencia

PM-03 Xestión das incidencias (SQR)

## DE INFORMACIÓN PÚBLICA

### PC-12 Información pública

O seguinte gráfico recolle o mapa de procesos integrados no SGIC e as súas relacións:



(O centro poderá engadir procesos/procedementos aos definidos no SGIC-marco, que terá que documentar e manter actualizados.)

## 5. INDICADORES

O SGIC marco define os seguintes 50 indicadores, cuxos datos serán subministrados polos servizos centrais da Universidade:

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	TIPO	CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
P01-PC-04	Elaboración do plan docente anual do centro	PROPIO	IOA-02-5	Porcentaxe de modificacións do PDA por causas non axustadas a criterio	CENTRO
PC-05	Captación de estudantes na USC	PROPIO	IN01-PC-05	Prazas ofertadas	TÍTULO
		ACSUG	IN02-PC-05	Matrícula	TÍTULO
		ACSUG	IN03-PC-05	Matrícula de novo ingreso	TÍTULO
		PROPIO	IN04-PC-05	Matrícula de inicio de estudos	TÍTULO
		PROPIO	IN05-PC-05	Variación da matrícula de inicio de estudos	TÍTULO
		PROPIO	IN06-PC-05	Nota media de acceso por preinscripción	TÍTULO
		FIDES	IN07-PC-05	Porcentaxe de estudantes que acceden á titulación con puntuación igual ou superior a seis	TÍTULO
		PROPIO	IN08-PC-05	Porcentaxe de estudantes estranxeiros sobre matriculados	TÍTULO
		PROPIO	IN09-PC-05	Porcentaxe de estudantes nacionais de fóra de Galicia sobre matriculados	TÍTULO
		FIDES	IN10-PC-05	Relación de estudantes preinscritos en 1ª opción matriculados por 1ª vez sobre as prazas ofertadas (Grao)	TÍTULO
		FIDES	IN11-PC-05	Relación de estudantes solicitantes sobre as prazas ofertadas (Máster)	TÍTULO
		PROPIO	IN12-PC-05	Porcentaxe de matriculados de inicio de estudos sobre prazas ofertadas	TÍTULO
		PROPIO	IN13-PC-05	Porcentaxe de matriculados que son titulados da USC (Máster)	TÍTULO
		PROPIO	IN14-PC-05	Relación entre o número de matriculados en másteres dun centro e o número de egresados dese centro	CENTRO
PC-08	Xestión da mobilidade	PROPIO	IN15-PC-08	Satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	TÍTULO
		PROPIO	IN16-PC-08	Satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	CENTRO
		FIDES	IN17-PC-08	Porcentaxe de estudantes enviados pola USC a programas de mobilidade sobre o total de matriculados	TÍTULO
		FIDES	IN18-PC-08	Porcentaxe de estudantes recibidos pola USC de programas de mobilidade sobre o total de matriculados	TÍTULO

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	TIPO	CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
PC-09	Xestión de prácticas externas	PROPIO	IN19-PC-09	Satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	TÍTULO
		PROPIO	IN20-PC-09	Satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	TÍTULO
		PROPIO	IN21-PC-09	Satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	TÍTULO
		FIDES	IN22-PC-09	Porcentaxe de estudantes egresados nun curso académico que ao longo dos seus estudos realizou prácticas en empresas e institucións	TÍTULO
PC-11	Avaliación da aprendizaxe	PROPIO	IXA-04	Porcentaxe de actas fóra de prazo	TÍTULO
PC-12	Información pública	PROPIO	IN23-PC-12	Satisfacción dos egresados coa información pública dispoñible	TÍTULO
PS-01	Xestión dos recursos humanos	PROPIO	IN24-PS-01	Porcentaxe de Persoal Docente Investigador (PDI) con sexenios sobre o PDI total con docencia no título	TÍTULO
		PROPIO	IN25-PS-01	Porcentaxe de PDI doutor sobre o PDI total	TÍTULO
		FIDES	IN26-PS-01	Porcentaxe de PDI funcionario sobre o PDI total	TÍTULO
		ACSUG	IN27-PS-01	Porcentaxe de PDI avaliado con resultado satisfactorio (DOCENTIA)	TÍTULO
		ACSUG	IN28-PS-01	Satisfacción media do PDI coas actividades formativas desenvolvidas	USC
		ACSUG	IN29-PS-01	Satisfacción media do PAS coas actividades formativas desenvolvidas	USC
		PROPIO	IN30-PS-01	Ratio de estudantes por profesor a tempo completo	TÍTULO
		FIDES	IN31-PS-01	Media de alumnos por grupo de teoría	TÍTULO
		FIDES	IN32-PS-01	Media de alumnos por grupo de docencia interactiva	TÍTULO
PS-03	Xestión dos servizos	PROPIO	IN33-PS-03	Grao de satisfacción dos egresados cos servizos	TÍTULO

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	TIPO	CÓDIGO	INDICADOR	NIVEL
S01-PM-01	Seguimento / acreditación do título	FIDES	IN34-S01-PM-01	Taxa de rendemento	TÍTULO
		FIDES	IN35-S01-PM-01	Taxa de éxito	TÍTULO
		PROPIO	IN36-S01-PM-01	Taxa de avaliación	TÍTULO
		FIDES	IN37-S01-PM-01	Taxa de graduación	TÍTULO
		FIDES	IN38-S01-PM-01	Duración media dos estudos	TÍTULO
		ACSUG	IN39-S01-PM-01	Eficiencia dos titulados	TÍTULO
		FIDES	IN40-S01-PM-01	Taxa de abandono durante o primeiro curso (Grao)	TÍTULO
		ACSUG	IN41-S01-PM-01	Taxa de abandono RD 1393	TÍTULO
		ACSUG	IN42-S01-PM-01	Grao de satisfacción xeral dos egresados coa titulación	TÍTULO
		ACSUG	IN43-S01-PM-01	Porcentaxe dos egresados que dous anos despois de rematar os seus estudos están traballando	TÍTULO
		ACSUG	IN44-S01-PM-01	Porcentaxe dos egresados que dous anos despois de rematar os seus estudos están traballando en algo relacionado cos seus estudos	TÍTULO
		ACSUG	IN45-S01-PM-01	Tempo medio na procura do 1º emprego polos egresados que están traballando	TÍTULO
		ACSUG	IN46-S01-PM-01	Satisfacción do alumnado coa docencia recibida	TÍTULO
ACSUG	IN47-S01-PM-01	Satisfacción do profesorado coa docencia impartida	TÍTULO		
PM-02	Medición da satisfacción dos grupos de interese	PROPIO	IN48-PM-02	Taxa de resposta na enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	TÍTULO

O centro poderá establecer indicadores adicionais, en relación cos cales haberá de responsabilizarse da obtención dos datos e do seu tratamento.

Engadíronse informes complementarios e substituíronse por informes algúns dos indicadores definidos na versión inicial do manual simplificado do sistema marco de calidade:

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	TIPO	CÓDIGO	INFORME	NIVEL
PS-02	Xestión dos recursos materiais	PROPIO	INF.01	Informe sobre recursos informáticos para o desenvolvemento da docencia	CENTRO
		FIDES	INF.02	Informe sobre recursos bibliográficos e de infraestrutura bibliotecaria	CENTRO-CAMPUS-USC
PC-08	Xestión da mobilidade	FIDES	INF.03	Informe de procedencia/destino dos estudantes participantes en programas de mobilidade	TÍTULO
		PROPIO	INF.04	Informe da enquisa de satisfacción dos estudantes saíntes cos programas de mobilidade	TÍTULO
		PROPIO	INF.05	Informe da enquisa de satisfacción dos estudantes entrantes cos programas de mobilidade	CENTRO
PC-09	Xestión de prácticas externas	PROPIO	INF.06	Informe da enquisa de satisfacción dos estudantes cos programas de prácticas externas	TÍTULO
		PROPIO	INF.07	Informe da enquisa de satisfacción dos titores externos cos programas de prácticas externas	TÍTULO
		PROPIO	INF.08	Informe da enquisa de satisfacción dos titores académicos cos programas de prácticas externas	TÍTULO
PS-03	Xestión dos servizos	PROPIO	INF.09	Informe da enquisa de satisfacción dos egresados	TÍTULO
PS-01	Xestión dos recursos humanos	PROPIO	INF.10	Informe da enquisa de satisfacción do PDI coas actividades formativas desenvolvidas	USC
		PROPIO	INF.11	Informe da enquisa de satisfacción do PAS coas actividades formativas desenvolvidas	USC
S01-PM-01	Seguimento / acreditación do título	PROPIO	INF.12	Informe de inserción laboral dos titulados (proporcionado pola ACSUG)	TÍTULO
		PROPIO	INF.13	Informe da enquisa de satisfacción do alumnado coa docencia recibida	TÍTULO
		PROPIO	INF.14	Informe da enquisa de satisfacción do profesorado coa docencia impartida	TÍTULO
		PROPIO	INF.15	Informe de cualificacións das materias do plan de estudos	TÍTULO
		PROPIO	INF.17	Informe da taxa de éxito das materias do plan de estudos	TÍTULO
PC-05	Captación de estudantes na USC	PROPIO	INF.16	Informe de procedencia xeográfica dos/as estudantes	TÍTULO



## 6. EVIDENCIAS DO SISTEMA DE CALIDADE

O SGIC marco establece, en relación con cada proceso, as evidencias requiridas. En moitos casos, tales evidencias son as que se derivan da xestión. A continuación recóllense aquelas evidencias que son especificamente requiridas pola implantación do SGIC, para as cales indícase o formato ao que han de axustarse.

CÓDIGO DO PROCESO	PROCESO DO SGIC	EVIDENCIA	FORMATO
PE-01	Determinación da política e os obxectivos de calidade do centro	Compromiso de calidade	F00-PE-01 Compromiso de calidade
		Plan estratéxico do centro	F01-PE-01 Plan estratéxico do centro
		Programación Plurianual do centro	F02-PE-01 Programación Plurianual do centro
		Plan anual de melloras do centro	F03-PE-01 Plan anual de melloras do centro
PS-04	Control dos documentos e dos rexistros	Documentación xenérica do SGIC	F01-PS-04 Formato de proceso/procedemento F02-PS-04 Formato de manual do sistema
		Documentación específica do SGIC de centro	F03-PS-04 Formato de manual simplificado do SGIC
		Listado de documentación en vigor	F04-PS-04 Listado de documentación en vigor
PM-01	Medición, análise e mellora	Táboa de indicadores	F01-PM-01 Táboa de indicadores
		Informe de seguimento do SGIC/Resultados do sistema (Memoria de calidade do centro)	F02-PM-01 Informe de seguimento do SGIC/Resultados do sistema
		Proposta do Plan de melloras anual do centro (Memoria de calidade do centro)	F03-PE-01 Plan anual de melloras do centro
S01-PM-01	Seguimento/acreditación do título	Informe de seguimento do título (Memoria de calidade do centro)	Formato do Informe de seguimento do título proporcionado pola ACSUG

### Historial de revisións

Versión	Data	Modificación realizada
00.00	13-Novembro-2013	versión inicial
01.00	21-Outubro-2014	Modificación apartado 5 (Indicadores)